

AVISOS IMPORTANTES

UNHA UNICA SOLICITUDE

- Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro que solicite praza en primeiro lugar. De presentar solicitude en dous centros, determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponder.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo por escrito, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar por escrito, a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión, remitindo ao centro de orixe copia da solicitude de admisión presentada no novo centro.
- O alumnado que resulte admitido no novo centro perderá o dereito de permanencia no centro de orixe.

SOLICITUDE FIRMADA POR AMBAS/OS PROXENITORES

- A solicitude será necesario a sinatura de ambas/os proxenitoras/es ou representantes legais.
- No caso de separación, no que a patria potestade esté atribuída, con carácter exclusivo, a un deles, é preciso presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución judicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.
- No caso de familia monoparental, deberá acreditarse según os requisitos que determina o artigo 25 da orde 12 de marzo de 2013.